

Texto:
Rebeca
Fernández

Fotos:
Greenpeace

O carbón é a principal causa do cambio climático e o motivo polo que España está á cola dos países da Unión Europea á hora de cumprir co Protocolo de Quioto. Esta é a principal denuncia feita pola asociación ecoloxista Greenpeace a raíz do informe *O carbón en España, un futuro negro*, no que se constata que a alta dependencia enerxética que sofre o Estado tamén é responsabilidade deste combustible fósil. "O carbón é responsable do cambio climático, fainos dependentes enerxeticamente, condénanos ao desemprego e pon en risco a saúde de traballadores e cidadáns", asegurou a responsable da campaña de cambio climático e Enerxía de Greenpeace, Raquel Montón. "Queimar carbón é queimar o futuro", engadiu.

O informe ecoloxista rebelante que en España non é posible producir carbón a custos competitivos co mercado mundial, de aí que importe ó redor do 60%. Esta cifra está moi por riba da medida do comercio internacional, que é dun 15%, convertendo a España no cuarto consumidor de carbón da UE, facéndoo causante da nosa dependencia enerxética. Non obstante, segundo Greenpeace, o sector do

O ESTADO, QUE TEN
QUE IMPORTAR
AO REDOR DO
60% DO CARBÓN,
SUBVENCIONA O
SECTOR CON 2.500
MILLONS DE EUROS

carbón nacional tamén repercute negativamente na economía, ao sobrevivir grazas ás subvencións estatais que andan polos 2.500 millóns de euros, unha prestación que o colectivo ecoloxista considera "desmesurada" en comparación coa suma destinada ao desenvolvemento das enerxías renovables.

"Subvencionar o carbón é poñer pedras para o desenvolvemento das renovables, perpetuar un modelo enerxético dependente e sen futuro e financiar o cambio climático", declarou na presentación do informe o director executivo de Greenpeace España, Juan López de Uralde, quen engadiu que máis de 188.000 persoas traballan xa no sector das enerxías renovables, unha cifra case 35 veces superior á dos empregados no sector do carbón, que aglutina a preto de 5.000 persoas.

Paralelamente aos prexuízos económicos, o informe indica que as 22 centrais térmicas existentes no noso país proporcionan só un 23% da xeración eléctrica nacional e, pola contra, case un 65% das emisións


"QUEIMAR O CARBÓN É QUEIMAR O FUTURO"



ACTIVISTAS DE GREENPEACE DURANTE A ABORDAXE, ESTE LUNS, DO BUQUE 'WINDSOR ADVENTURE', CON 54.000 TM DE CARBÓN

O carbón fai que España sexa o último en Kioto

Greenpeace denuncia que as 22 centrais térmicas existentes proporcionan só un 23% da xeración eléctrica nacional mentres que provocan o 65% das emisións de CO2 do sector enerxético, colocándonos á cola dos países da UE na redución de gases. Afirmamos que a importación deste mineral provoca a alta dependencia enerxética que sofre o Estado



PROYECCIÓN DE GREENPEACE NA TÉRMICA DAS PONTES

de dióxido de carbono do sector enerxético, o que coloca a España á cola dos países europeos no cumprimento de Kioto. Hai que ter en conta que a central térmica que Endesa ten nas Pontes emitiu á atmosfera un total de 9,3 millóns de toneladas de dióxido de carbono no 2005, converténdose non só nun dos focos máis contaminantes de Galicia e do Estado, senón tamén da Unión Europea.

"O emprego do carbón en España é inviable económica, ambiental e socialmente", declarou Juan López de Uralde, quen pediu o cesamento da actividade das centrais eléctricas, un peche que, segundo a asociación, "chegará antes ou despois". De feito, segundo a asociación, está previsto que nun período aproximado de 24 anos se esgoten as reservas do tipo de carbón máis utilizado en España: hulla e antracita. Motivos todos máis que suficientes para facer que o Estado abandone o carbón.

Abordaxe en Xixón e proxeccións na central das Pontes

A presentación do informe de Greenpeace viu precedida de varias accións de protesta contra a queima de carbón. A primeira tivo lugar a semana pasada na central térmica de Endesa nas Pontes, onde o colectivo proxeccionou algunhas das súas mensaxes nas chemineas dunha das plantas máis contaminantes de Europa. Este luns, activistas de Greenpeace abordaron no porto de Xixón o buque 'Windsor Adventure', cargado con 54.000 toneladas de carbón. Para denunciar a gran dependencia deste combustible, os activistas pintaron no casco a mensaxe "Abandonemos o carbón".